

DECRETO DA ALCALDÍA

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2022

Xosé A. Sánchez Bugallo, alcalde do Concello de Santiago, en virtude das facultades que me confire a lexislación reguladora do Réxime Local e consonte ao disposto no artigo 11 do Regulamento de Títulos, Honras e Condecoracións do Concello de Santiago de Compostela,

DECRETO:

Tres días de loito oficial en sinal de dó polo falecemento do funcionario do Servizo de Extinción de Incendios de Santiago nun operativo na parroquia de Aríns na mañá de hoxe.

Ordeo, así mesmo, que as bandeiras de todos os edificios municipais ondeen a media hasta os días 30 e 31 de agosto e o 1 de setembro de 2022.

En nome do Goberno, da Corporación Municipal e de todas e todos os traballadores municipais trasladamos o noso máis sentido pésame á súa familia e amizades e sumámonos á súa dor e á de todo o Servizo de Extinción de Incendios de Santiago.

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago

